

Denuncia polos residuos asfálticos do monte S.Lourenzo-Cabanas e do Porto Exterior de Ferrol

**ASUNTO: Denuncia ante a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, demandando que se reponha a legalidade nos amoreamentos de residuos asfálticos depositados no monte de San Lourenzo (Concello de Cabanas) e no Porto Exterior de Ferrol.**

Joã́m Luís Ferreiro Caramés, con D.N.I. nº 32.632.411-B, Delegado da Sociedade Galega de Historia Natural de Ferrol, con enderezo, para os efectos de notificación, no apartado nº 356 de Ferrol, C.P. 15480,

F. Javier Riveiro López, con D.N.I. nº 32.663.413, Presidente da Plataforma de Afectados polo Polígono Industrial de Vilar de Colo, con enderezo, para os efectos de notificación, na Rúa Río Cádavo, nº 9 – 3ºG de Perlío (Fene), C.P. 15500,

Argimiro Cernadas Paz, con DNI nº 76.405.981G, Coordinador da Plataforma de Defensa dos Camiños, con enderezo a efectos de notificación en Apdo. de Correos 107, Pontedeume, A Coruña,

Miguel Ángel Fernández Pérez, con DNI nº 29.089.761K, Coordinador do N.C. de Ferrol, de Verdegaia, con enderezo a efectos de notificación no Apdo. de Correos nº 14, de Ferrol, A Coruña C.P. 15401,

Serxio Perille Seoane, con DNI nº 32.683.404J, Secretario de Asociación de Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA-FERROLTERRA, C.I.F. G-15044811, con enderezo a efectos de notificación Apdo. de Correos 481, Ferrol, A Coruña.C.P. 15480,

actuando en representación das devanditas asociacións, comparecen e, como mellor proceda en dereito,

## **EXPOÑEN:**

### 1. ANTECEDENTES

O día 14 de setembro do 2009, a Asociación Etnográfica e da Natureza presentou unha denuncia pola acumulación de refugallos de tipo asfáltico no monte de San Lourenzo (Concello de Cabanas), nunha zona limítrofe co polígono industrial de Vilar do Colo, e nas inmediacións do Río Baa. Igualmente, o 21 de setembro de 2009 o Seprona de Pontedeume presentou un informe/denuncia, relativo a unha acumulación dun árido, coa súa toxicidade aínda sen determinar.

O Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia analizou o material, detectándose a presenza do composto benzoalfapireno en concentración inferior á metade da permitida pola normativa.

Augas de Galicia, con data 23 de setembro de 2009, incoou expediente sancionador, polo depósito de áridos na zona de policía do dominio público hidráulico e polo seu posible efecto contaminante sobre as augas do río Baa. Como primeira acción cautelar informou das medidas que cumpría adoptar, consistentes na execución de gaviás no perímetro de todas as zonas de almacenamento que recollesen as drenaxes de posibles efluentes e balsas de retención e decantación.

Augas de Galicia, despois de realizar unha inspección con toma de mostras, emitiu un informe o 2 de novembro de 2009 no que se sinala a detección de concentracións de hidrocarburos aromáticos policíclicos superiores aos límites de detección nas augas empozadas ao pé da acumulación de áridos.

As Dilixencias Preprocesais número 1195/2009 da Fiscalía Provincial de A Coruña foron arquivadas por falta de perigo no medio natural. Tras a realización de diversas análises, dos resultados obtidos despréndese que o material acumulado non sufriu ningún proceso de valorización medioambiental consistente na eliminación de produtos contaminantes. As dilixencias establecen que non hai contido penal, non obstante salientan que:

- A mostra de áridos non foi sometida a procesos de valorización mediante calor.
- Se ben o material non pode ser caracterizado como residuo perigoso, isto non supón que o mesmo sexa inerte, xa que a presenza de contaminantes implica un risco, dependendo do uso que se faga do material, para a saúde e para o medio ambiente.

Denuncia polos residuos asfálticos do monte S.Lourenzo-Cabanas e do Porto Exterior de Ferrol

- Existe un risco de afectación de canles e medios próximos xa que os hidrocarburos aromáticos policíclicos son substancias que poden ser perigosas para o medio ambiente e poden chegar ás persoas a través da cadea alimentaria.

O devandito decreto conclúe indicando que se trata dun material potencialmente contaminante, polo que se o seu almacenamento, unha vez advertido, non se realizase coas prevencións establecidas, daquela si podería entenderse que puidese traspasar o límite do dereito penal.

A Resolución de 10 de maio de 2010 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sinalaba que a Asociación Galega de Áridos e a Asociación de Recicladores de Residuos de Construción e Demolición alegaran que o material traído de Holanda presentaba un contido en betúns de entre un 4% e un 7%, e de xofre do 0,0182%, e que o mesmo non fora sometido a tratamento para eliminar ditas substancias, polo debía ser considerado como residuo sen tratar e non como árido reciclado. A resolución tamén salientaba que as análises realizadas por Augas de Galicia e polo laboratorio *Euroconsult Galicia*, así como o informe de investigación da calidade do solo aportado por Construcciones Manmer, S.L. revelaban que o material estudado supera os niveis xenéricos de referencia para a protección da saúde humana en función do uso do solo establecidos polo anexo V do Real Decreto 9/2005, de 14 de xaneiro. Concretamente, superáronse os niveis xenéricos de referencia para a protección da saúde humana dos seguintes compostos:

- Para uso industrial: benzo(b)fluoranteno e benzo(a)pireno.
- Para uso urbano: benzo(b)fluoranteno, benzo(a)pireno, benzo(a)antraceno e indenol(1,2,3-cd)pireno.
- Para outros usos: benzo(b)fluoranteno, benzo(a)pireno, benzo(a)antraceno e indenol(1,2,3-cd)pireno, fluoranteno e benzo(k)fluoranteno.

Igualmente, na auga empozada do acopio de material do Porto Exterior detectouse a presenza de compostos aromáticos policíclicos (naftaleno, acenaftleno, fluoreno, fenantreno, antraceno, fluoranteno e pireno) que poderían chegar aos sistemas fluviais a través de escorrentías.

En función do anterior, conclúese que o material require a realización dunha valoración de riscos na zona onde se deposite.

Consecuentemente cos resultados destas análises, cómpre salientar a evidencia de que estes materiais conteñen alcatrán de hulla, xa que só neste están presentes os benzopirenos detectados tanto no material como na auga de escorrentía.

A Resolución de Augas de Galicia, de 30 de marzo de 2011, para obras de acopios de áridos, sinalaba diversos condicionantes, en concordancia coa Resolución de 10 de maio de 2010 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

## 2. FEITOS

Independentemente do cuestionamento da idoneidade das medidas prescritas para o caso, a base primordial da nosa denuncia estriba en que, transcorridos case nove meses dende a resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental que obrigaba a adoptar unha serie de medidas cautelares para a protección do medio ambiente e máis da saúde humana, non se realizou ningunha das obras ordenadas. Esta Resolución describía unha serie de obras e actuacións imprescindibles: dispor unha cuneta perimetral para recoller as escorrentías do acopio e conducilas ata un depósito de regulación in situ; a cuneta perimetral de drenaxe debe conducirse a unha balsa de baleirado que deberá cumprir a autorización de vertido que, previa solicitude e de ser o caso, lle outorgue este organismo autónomo; os acopios deberán efectuarse preferentemente baixo cuberta. No caso de realizarse a ceo aberto, deberán cubrirse de xeito que se evite o seu contacto coa auga da choiva.

Pasados tres anos dende a chegada do primeiro envío dos áridos asfálticos, a documentación reunida posibilita unha análise máis profunda do proceso de xestión destes materiais.

Obsérvanse irregularidades en cada unha das operacións levadas adiante durante o proceso de reciclado e valorización, do que hoxe por hoxe pódense considerar residuos, OS ÁRIDOS ASFÁLTICOS depositados en terreo forestal, monte de San Lourenzo, Cabanas e no Porto Exterior de Ferrol. Dende a súa orixe, operación de reciclado en Holanda, ata a súa utilización na Comunidade Autónoma de Galiza, do Estado Español.

1º) RECICLADO EN HOLANDA: Segundo as analíticas presentadas polos distintos laboratorios que foron consultados, os áridos presentan sustancias contaminantes. Este feito demostra que os áridos non foron debidamente inertizados, polo que deben ser

considerados residuos, perigosos ou non, dependendo das concentracións de sustancias contaminantes, sobre a masa total, de cada envío.

Malia todo, consegue o certificado (marcado CE) que abre as portas á libre circulación deste produto dentro da UE. Recae sobre o laboratorio encargado de certificarlos e ao Estado holandés que ordena as inspeccións necesarias a responsabilidade de cumprir coas obrigas marcadas polas Directivas europeas e a lexislación dos países intervincentes na operación, Holanda como expedidor e España (Comunidade Autónoma de Galiza) como destinataria.

2º) As autoridades da Comunidade Autónoma (Galiza) reciben a solicitude, por parte do destinatario, da entrada, por mar, do produto no Estado Español, compróbase que a mercadoría está en regra grazas á obtención do Marcado CE, e permíttese o paso ao primeiro envío.

Non obstante, e véndose afectadas as empresas galegas de áridos, despois de comprobar que o produto non cumpre coas características necesarias para obter o marcado tras ser analizados os materiais, denúnciase a irregularidade á Xunta de Galiza, o que non foi motivo d'abondo para paralizar os envíos, en tanto non se adoptaron as medidas necesarias para garantir que os traslados se executasen de conformidade cos criterios do Regulamento (CEE) 259/93 para traslados de residuos, Artigo 30. Tales medidas poden incluír inspeccións de establecementos e empresas, con arreglo ao artigo 13 da Directiva 75/442/CEE e o control in situ dos residuos. Se o traslado non se axustase ás disposicións legais e regulamentarias nacionais, as autoridades competentes de destino poden obxectar ao traslado, segundo establece o Artigo 7.4 do Regulamento CEE 259/93.

Nin se comproba por parte da Xunta, nin se tramita solicitude á Comisión Europea para que comprobe se houbo falsificación nos datos do Marcado. Malia que as características do produto “valorizado” non se atañen ás normativas europeas e españolas, na orde circular 8/2001, sobre reciclado de firmes, baseada nas regulamentacións técnicas establecidas na Directiva 98/34/CEE do Parlamento Europeo, e no Real Decreto 1337/1999, de 31 de xullo, detállanse as características do material bituminoso reciclado para firmes artigo 22.2.3. o material que se incorpore ao proceso de produción deberá ser homoxéneo, non conter contaminantes e estar totalmente caracterizado, polo que o material bituminoso a reciclar en bruto se someterá a un proceso de trituración,

eliminación de contaminantes e homoxeneización. O material bituminoso a reciclar xa tratado deberá pasar en todo caso polo tamiz 25 mm da UNE 933-2

22.2.3.2 Deberá estar exento de materiais contaminantes: formigóns, morteiros, ladrillos, cemento, metais, madeiras, materiais sintéticos, etc.

22.2.3.4 Os áridos procedentes de material bituminoso a reciclar non deberán presentar signos de meteorización e deberán posuír unas propiedades de dureza e calidade similares ás esixidas no artigo 542 do Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes (PG-3) aos áridos novos de aportación”

Ningunha destas normas se observan nos acopios de San Lourenzo (Cabanas): as partículas de áridos non son homoxéneas, presentan maiores calibres dos permitidos por esta normativa e materiais contaminantes (formigón, restos cerámicos, restos de ladrillos, cemento), moitas das partículas están meteorizadas e claramente non pasaron por ningún proceso de trituración nin tamizado. Este tipo de residuo, que aparece nunha porcentaxe importante da masa total e que non está recuberto de material bituminoso, contrasta co resto do material, que si comprende as características esixidas pola norma, o que demostra que foi engadido nalgún momento do proceso, posiblemente coa finalidade de rebaixar as concentracións dos hidrocarburos aromáticos policíclicos nos residuos tratados inicialmente.

A Directiva 1999/31/CE, relativa ao verquido de residuos, no artigo 5.4. indica : “Queda prohibida a dilución ou mestura dos residuos unicamente para cumprir os criterios de admisión dos residuos”.

A adición dos novos elementos imposibilita que os niveis de concentración das substancias permitirán calificalos de tóxicos e perigosos ou non.

Tampouco se comproba por parte da Xunta de que xeito se van almacenar estes produtos, sexan considerados residuos ou non, ou estea ou non rematado o proceso de valorización, o tipo de instalacións que se van utilizar non reúnen as condicións necesarias para poder dar acollida, como corresponde, ao aproximadamente millón de toneladas deste produto, con substancias contaminantes (en total, 36 toneladas de substancias contaminantes).

3º) A Autoridade Portuaria de Ferrol admite estes produtos nas súas instalacións “industriais” sen reunir estas as características necesarias para acollelos, evitando a

contaminación das augas mariñas. Non hai ningún tipo de dispositivo de seguridade para evitar os verquidos por escorrentía ao mar, o tipo de amoreamento non cumpre coas normativas UNE-EN para áridos, que impoñen unha serie de requerimentos para o tratamento en almacenaxe deste tipo de materiais, producíndose un deterioro do produto e facéndoo inutilizable para o fin ao que estaba destinado, aínda no caso de que foran áridos inertizados.

4º) O concello de Cabanas recibe solicitude por parte da Empresa MANMER de amorear parte do produto (60.000 toneladas) en solo industrial, no Polígono de Vilar do Colo. Non se comprobou, como no caso das instalacións do Porto Exterior de Ferrol se se cumpría coas esixencias para o depósito. A realidade foi que se amorearon nunha parcela sen pavimentar e, polo tanto, sen alcantarillado, producíndose infiltracións das sustancias ao subsolo, depreciándose o produto, ao non estar cuberto nin amorearse correctamente, segundo a normativa española para o almacenamento deste tipo de áridos.

Ao non poder conter a parcela do polígono industrial o resto do material, solicítase ocupar unha parcela de solo rústico e aquí amoreáanse 60.000 toneladas contaminantes nunha zona de brañas, cabeceira do Río Baa, sen ningún tipo de protección, producíndose escorrentías ao río, con perigo de desmoronamento e cegamento das fontes, invadindo un camiño veciñal, ameazando o ecosistema fluvial e forestal, nunha pequena cunca fluvial de alto interese ambiental, vulnerándose claramente a Lei do Solo de Galiza, por ocupación indebida de solo rústico, e a Lei de Montes, que esixe protección para as cabeceiras dos ríos e zonas de humidais.

Por último, o que inicialmente ía ser un depósito de “almacenamento” para a valorización de residuos, pasados máis de dous anos e medio convírtese nun vertedoiro de residuos, con materiais dos que se descoñece como será o seu comportamento futuro. En San Lourenzo falamos de 60.000 toneladas de sustancias contaminadas que van impactar en maior ou menor medida nun ecosistema que non posúe a capacidade de carga necesaria para absorber este tipo de contaminación, que ao ser pouco biodegradable ten efectos acumulativos, incorporándose lentamente á cadea alimentaria.

**Por todo o exposto, as asociacións denunciantes solicitan:**

- 1) Que se tomen as medidas sancionadoras que correspondan por incumprimento das prescricións da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental na súa Resolución e por actuar sen as correspondentes licenzas municipais nin autonómicas, xa que estas estaban condicionadas ao inicio das obras no prazo de dous meses dende a emisión da Resolución.
- 2) Que se tome en consideración a posibilidade de tráfico ilícito, nos procesos de valorización e traslado dos materiais acopiados no Porto Exterior de Ferrol e no Concello de Cabanas, tendo en conta que non se corresponden coas características que esixe o marcado CE en concordancia coa normativa española, e que se obre en consecuencia investigando na xestión inicial dos residuos en Holanda, así como nas etapas intermedias do proceso.
- 3) Que se depuren responsabilidades na Administración Autonómica e Local, considerando que se outorgaron autorizacións sen terse cumprimentado por parte da empresa solicitante os requirimentos da lexislación, a consecuencia do que se permitiu o acopio destes materiais en instalacións que non compren coas características requiridas polas normativas europeas e estatais, producíndose consecuentemente danos ao medio ambiente (hábitats acuáticos e terrestres), ao patrimonio cultural e etnográfico e á saúde das persoas (contaminación do Río Baa, con captación de augas para consumo humano no Concello de Mugaros). Así mesmo, por non cumprir coas obrigas de inspección de seguimento das medidas impostas e os danos ao medio ambiente.

O Decreto 174/2005, do réxime xurídico de xestores de residuos establece:

“Artigo 9. Outorgamento de autorizacións.

1. Concederanse previa comprobación das instalacións nas que se veña a desenvolver a actividade.

ALMACENAMENTO: cuberto, en lotes, altura máxima de tres metros, tempo de almacenamento acoutado”.

Pasados arredor de tres anos de almacenaxe en San Lourenzo (Cabanas), cun total incumprimento das normativas, o material atópase parcialmente compactado, polo que, en caso de permitirse darlle o uso que inicialmente estaba fixado, tería que pasar por un proceso de trituración e homoxeneización (os materiais finos non compactados decantáronse, quedando os máis grosos na superficie). Tendo en conta a altura acadada nos amoreamentos, nalgúns casos arredor dos dez metros, se se quixese cumprir coa normativa tería un custe elevadísimo que faría pouco produtiva a comercialización. Ademais das trabas que, tanto as empresas privadas como a administración, poñen para a súa adquisición, sendo coñecedoras na actualidade das irregularidades a que puideran estar sometidas a tramitación e a xestión destes residuos, non coñecendo ademais, con exactitude, o comportamento destes materiais e podendo producir efectos negativos, tanto para o medio ambiente como para a saúde

humana, e descoñecendo asimesmo con exactitude as súas características, de cara a ser utilizadas como firme de estradas. Pasados máis de dous anos, prazo máximo esixido para almacenaxe de residuos, sen ser tramitada unha nova autorización, convirte a actuación realizada nunha operación de eliminación, segundo indica a Lei 10/96, de 21 de abril:

“Artigo 19. Eliminación.

2. O depósito de residuos en calquera lugar durante períodos de tempo superiores a dous anos ou seis meses se son residuos perigosos, considerarase una operación de eliminación”

Todas estas circunstancias fan temer que a parcela de San Lourenzo se convirta nun vertedoiro de residuos, que neste caso, sendo solo rústico, e atendendo aos límites de concentración permitidos, poderán considerarse residuos contaminantes.

Os amoreamentos lixivian directamente nunha das fontes, afastándose da súa marxe apenas un metro de distancia. O Río Baa discorre durante uns nove km, atopándose nas súas beiras hábitats de Interese Comunitario, desembocando en Beiramar, preto da Enseada da Barca, un dos bancos marisqueiros máis importantes da Ría de Ferrol. Ao ser as sustancias contaminantes (hidrocarburos aromáticos policíclicos) pouco biodegradables terán como efecto a súa acumulación na cadea alimentaria.

- 4) Que se teña en conta a consideración dos materiais acopiados como residuos, despois de terse comprobado, a través das analíticas presentadas por varios laboratorios, que non pasaron por un proceso de valorización, non están inertizados.

O Decreto 174/2005, de 9 de xuño, regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos, e no artigo 3.A define o termo residuo, indicando ademais que non terán tal consideración “os materiais, obxectos ou sustancias que se obteñan tras a valorización dos residuos que se incorporen ao ciclo produtivo.”

Ao non considerar as diferentes fontes consultadas pola administración que non foron valorizados tal como define este artigo, os materiais analizados deben considerarse residuos.

Á luz desta valoración, vese necesario revisar as resolucións emitidas polos diferentes organismos administrativos, tendo en conta a aplicación da lexislación en materia de residuos e a posibilidade de atoparnos ante unha operación de tráfico ilícito. O Regulamento (CEE) 259/93 indica:

“Artigo 26.1 Considérase tráfico ilícito todo traslado de residuos .../...

e) que entrañe unha eliminación ou valorización contrarios á normativa comunitaria ou internacional.

Artigo 26.2 Se o tráfico ilícito fose responsabilidade do notificante, a autoridade competente de expedición velará por que os residuos sexan

Denuncia polos residuos asfálticos do monte S.Lourenzo-Cabanas e do Porto Exterior de Ferrol

a) Retirados polo notificante ou pola autoridade competente e devoltos ao Estado de expedición, ou de resultar inviable eliminalos.

Nin o Estado membro nin ningún Estado membro de tránsito se opoñerán á reintrodución destes residuos, a petición motivada da autoridade competente de destino”.

Dado que non semella inviable o traslado ao país de orixe, cremos que é necesario restablecer a legalidade, cumprindo con esta obriga.

En todo caso, e en tanto non se tomen decisións ao respecto, nada impide librar a parcela de SOLO RÚSTICO de Cabanas e ao Río Baa deste impacto, retornando os residuos ao Porto Exterior de Ferrol, agregándoos ás 400.000 toneladas amoreadas en SOLO INDUSTRIAL.

Cabanas, a 4 de xaneiro de 2012

O DELEGADO DA SGHN-FERROL  
Asdo.: Joâm Luís Ferreiro Caramés

O PRESIDENTE DA PLATAFORMA DE AFECTADOS POLO POLÍGONO INDUSTRIAL  
DE VILAR DE COLO  
Asdo.: F. Javier Riveiro López

O Coordinador da Plataforma de Defensa dos Camiños  
Asdo.: Argimiro Cernadas Paz

Coordinador do N.C. de Verdegaia- Ferrol  
Asdo.: Miguel Ángel Fernández Pérez.

O Secretario de ADEGA-FERROLTERRA.  
Asdo.: Serxio Perille Seoane.

**Sr. Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.**